



2.—Visto o artigo 199.2 da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e de Protección do Medio Rural de Galicia, que habilita aos Concellos para ordenar a execución das obras necesarias para conservar aquelas condicións, con indicación do prazo de realización.

3.—Visto o artigo 199.4 da Lei que determina que o incumprimento da orde de execución facultará o alcalde ou a consellería, se é o caso, para executar subsidiariamente as obras con cargo ós obrigados e para a imposición de multas coercitivas, ata un máximo de dez sucesivas, con periodicidade mínima mensual, e por importe cada unha de 300 a 6.000 euros.

RESOLVO:

1.—Ordenar a Dna. Josefa Blanco Sieiro, a executar con carácter urxente as obras de resguardo ou apuntalamiento necesarias para garantir a seguridade na zona, que segundo informe da asistencia técnica municipal consisten en levar a cabo as actuacións “que permitan garantir a estabilidade da construción, solicitando os permisos oportunos ao Concello así como a autorización de Fomento”

2.—Advertir aos interesados que o seu incumprimento facultará ao o alcalde ou a consellería, se é o caso, para executar subsidiariamente as obras con cargo ós obrigados e para a imposición de multas coercitivas, ata un máximo de dez sucesivas, con periodicidade mínima mensual, e por importe cada unha de 300 a 6.000 euros

3.—Conceder aos interesados prazo de audiencia de 15 días para alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes.

Cotobade a 5 de outubro de 2010.—O alcalde, Manoel Loureiro Adán.

2010010804

* * *

O GROVE

A N U N C I O

Aprobada definitivamente polo Pleno municipal na sesión que tivo lugar o 30 de setembro de 2010 a Ordenanza municipal reguladora da venda ambulante de colares e outros ornatos persoais realizados con cunchas mariñas do concello do Grove, publícase o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia.

Edítase para xeral coñecemento e faise constar que contra o acordo e a ordenanza aprobada pódese interpor un recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, que comezarán a contar desde a data desta publicación.

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA VENDA AMBULANTE DE COLARES E OUTROS ORNATOS PERSOAIS REALIZADOS CON CUNCHAS MARIÑAS DO CONCELLO DO GROVE

ARTIGO 1. OBXECTO E ÁMBITO

A presente disposición ten por obxecto a regulación da venda de colares e outros ornatos persoais realizados con cunchas mariñas no ámbito territorial do Concello do Grove, consonte o establecido na Lei 16/1998, do 20 de xullo, de ordenación do comercio interior de Galicia, a Lei estatal 7/1996, de ordenación do comercio polo miúdo, o Decreto da Consellería de Industria e Comercio 194/2001, do 26 de xullo, de ordenación do comercio ambulante, e do Real decreto 199/2010, de venda ambulante e restante normativa vixente que lle sexa de aplicación.

ARTIGO 2 . MARCO NORMATIVO

Queda prohibida en todo o concello do Grove a venda en espazos públicos de colares e outros ornatos persoais realizados con cunchas mariñas que non se axuste ao contido da presente ordenanza.

O Concello establecerá as zonas urbanas para o exercicio deste tipo venda na vía pública e espazos abertos. Fóra destas zonas non estará autorizada a venda.

ARTIGO 3. COMPETENCIA

Correspóndelle ao Concello do Grove, dentro do seu termo municipal, sen prexuízo das competencias doutras administracións, conceder a autorización para o exercicio da venda ambulante no seu territorio e a ordenación, execución, inspección e control das medidas necesarias para o seu correcto desenvolvemento, do cumprimento dos requisitos para a obtención das licenzas e de facer cumprir a presente ordenanza.

ARTIGO 4. SUXEITOS DA VENDA

A venda de colares e outros ornatos persoais realizados con cunchas mariñas poderá ser exercida por toda persoa física que se dedique profesionalmente á actividade de comercio polo miúdo e reúna os requisitos establecidos na presente ordenanza e demais normativa que sexa de aplicación.

ARTIGO 5. DA RADICACIÓN

1. A venda ambulante só queda autorizada nos lugares, horas e datas que se determinen por acordo da Xunta de Goberno Local, estando suxeita á preceptiva licenza municipal.
2. O Concello poderá modificar a radicación para a venda de colares e outros ornatos persoais realizados con cunchas mariñas por causas de forza maior, de interese xeral ou municipal.

ARTIGO 6. DOS POSTOS

1. A venda autorizarase en mesas de carácter desmontable, cunha lonxitude máxima de dous metros e un metro de ancho. Prohíbese o aumento de volume do posto.
2. A mesa instalarase na vía pública, de xeito que non entorpeza a circulación de vehículos e o tránsito das persoas e deberá ser totalmente retirada diariamente.
3. Toda a mercadoría obxecto de exposición e venda atoparase sempre dentro da superficie da mesa, quedando terminantemente prohibido o seu amoreamento en expositores, envases ou embalaxes fóra da mesa.
4. En todo caso, o vendedor ou vendedora extremará a limpeza na zona de venda.
5. Deberase manter a compostura na práctica de abordar os viandantes.
6. Acéptase a venda a pé con cesto sempre que se cumpra co exposto no punto anterior.
7. En ningún caso se poderá exercer a venda con mesa e con cesto ao mesmo tempo.
8. O Concello resérvase a posibilidade de establecer unha uniformidade na tipoloxía dos postos.

ARTIGO 7. DA COMPETENCIA

A organización, intervención e inspección da venda de colares e outras pezas obxecto deste regulamento correspóndelle ao alcalde/alcaldesa ou ao concelleiro/a con competencias delegadas, sen prexuízo das competencias correspondentes aos servizos municipais de Policía Local.

ARTIGO 8. DA VENDA

As vendedoras ou vendedores de colares e outros ornatos persoais realizados con cunchas mariñas deberán cumprir no exercicio da súa actividade coa normativa vixente na materia de exercicio do comercio e da disciplina do mercado, deberán observar as normas de competencia leal e usos mercantís e responderán de que os produtos obxecto de venda cumpren as condicións e requisitos esixidos pola normativa que os rexe, tanto en materia sanitaria como no referente ao seu ornato, presentación, etiquetaxe e demais que se establezan nelas.

ARTIGO 9. DOS PRODUTOS

1. A presente ordenanza e as correspondentes autorizacións de venda que nela se recollan só facultan para a venda de colares de cunchas e outros ornatos persoais realizados con cunchas mariñas.
2. Queda expresamente prohibida a venda de artigos que non teñan como materia prima principal as cunchas mariñas. En concreto, artigos producidos na súa totalidade con:
 - metais preciosos
 - pedras semipreciosas
 - cristal
 - coiro
 - nácara
 - coral
 - tecidos, porcelana ou madeira
 - plástico
 - pasta química

A autoridade municipal poderá comisarlle a mercadoría a quen non cumprir tales condicións e, baixo a consideración de falta moi grave, abrialle o oportuno expediente sancionador á persoa responsable da venda. Nos supostos en que sexa previsible o comiso dos produtos, poderanse intervir cauteladamente estes.

ARTIGO 10. OBRIGAS E DEREITOS DAS VENDEDORAS OU VENDEDORES

Son obrigas das vendedoras ou vendedores autorizados:

- a) Manter aberto ao público o posto debidamente atendido e abastecido.
- b) Realizar ao final da xornada a limpeza dos espazos ocupados.
- c) En xeral, cumprir todas as condicións establecidas nesta ordenanza e nas demais disposicións legais vixentes que sexan aplicables.
- d) Ter visibles os prezos dos artigos á venda.
- e) Marcar a procedencia dos artigos para permitir distinguir correctamente aqueles que son de fabricación artesá.

Son dereitos das vendedoras ou vendedores autorizados:

- a) Solicitar a debida protección das autoridades locais para poderen realizar a actividade para a que están autorizados.
- b) Presentar as alegacións e suxestións para o mellor exercicio da actividade.
- c) Nos supostos de enfermidade da persoa titular ou outra causa suficientemente acreditada que lle impida o exercicio da actividade, o Concello, logo da petición expresa da interesada ou interesado, e tras a estimación de tal circunstancia, poderá autorizarlle o exercicio da venda ao cónxuxe, irmáns, ascendentes ou descendentes directos, mentres duren tales circunstancias, que se deberán manter de alta na Seguridade Social o tempo que dure a substitución. O falseamento destas circunstancias será considerado falta moi grave.

ARTIGO 11. LICENZA MUNICIPAL

1. Para poder exercer a venda ambulante de colares e outros ornatos persoais realizados con cunchas mariñas neste concello será preciso posuír a correspondente licenza municipal, que será individual e transferible segundo se contempla na normativa vixente.
2. Esta autorización tan só dá dereito a un único posto de venda.
3. O Concello será o competente para expedir as correspondentes licenzas.

4. Esta licenza deberá exhibirse obrigatoriamente e durante o tempo de traballo, no seu orixinal, de maneira ningunha en copia. Estará colocada nun lugar visible do posto, e sempre á dispoñibilidade da autoridade competente que a poida solicitar.
5. Tamén deberán ter á disposición do Concello ou de quen o represente calquera outras licenzas ou autorizacións que sexan preceptivas por parte doutras administracións.
6. Deberán ter á disposición dos usuarios ou clientes as follas de reclamación regulamentarias.
7. A licenza terá unha validez de dous anos.

ARTIGO 12. REQUISITOS E PROCEDIMENTO DE SOLICITUDE DA LICENZA

1. Serán requisitos para poder exercer a actividade:
 - a) Estar dado de alta no epígrafe correspondente ao comercio polo miúdo do imposto de actividades económicas, estar ao corrente do pagamento da tarifa ou, no caso de estar exentos, estar dado de alta no censo de obrigados tributarios.
 - b) Estar ao corrente do pagamento das cotizacións da Seguridade Social.
 - c) Estar ao corrente do pagamento de calquera das obrigas coa Axencia Tributaria e co Concello do Grove.
 - d) Estar dado de alta no réxime de traballadores autónomos.
 - e) Estar dado de alta no Rexistro de Comercio Ambulante da Xunta de Galicia.
 - f) Os prestadores procedentes do estranxeiro deberán acreditar o cumprimento das obrigas establecidas na lexislación vixente en materia de autorizacións de residencia e traballo.
 - g) Ter ao día o correspondente seguro de responsabilidade civil.
 - h) Figurar no actual Censo de Colareiras do Concello do Grove, coa finalidade de protexer este oficio e manter o seu importante interese cultural.
2. A licenza para o exercicio da actividade deberá ser solicitada pola interesada ou interesado, ou representación debidamente autorizada, mediante un escrito de declaración responsable dirixido ao alcalde/alcaldesa do Concello do Grove, onde necesariamente deberá constar:
 - a) Nome e apelidos da persoa beneficiaria da solicitude.
 - b) Enderezo para os efectos de notificacións.
 - c) Número NIF/CIF, DNI ou pasaporte ou tarxeta de residencia para cidadáns comunitarios, ou permiso de residencia e traballo para os non comunitarios.
 - d) Que se cumpren os requisitos establecidos
 - e) Que se posúe a documentación que acredita que se cumpren os requisitos
 - f) Que se manterá o seu cumprimento durante toda a vixencia da autorización.
 - g) Que coñece as normas ás que debe axustarse a súa actividade e que se compromete a observalas.

Xunto coa declaración responsable de solicitude achegarase a seguinte documentación en orixinal e copia para a súa compulsa:

- 1) Dúas fotografías tamaño carné.
- 2) NIF ou NIE, segundo lle corresponda á persoa solicitante. No caso de que quen solicite sexa de nacionalidade estranxeira, permiso de residencia e traballo ou da tarxeta de residencia en vigor.

Desde o momento de recibir a declaración responsable, o Concello do Grove poderá exercer as súas facultades de comprobación sobre os requisitos que se deben cumprir, en calquera momento, solicitando que se achegue a documentación que acredite o cumprimento destes

A comprobación de que quen solicita se atopa inscrita ou inscrito no correspondente Censo de Colareiras do Concello do Grove realizarase de oficio.

No caso de que tras a comprobación se determinase que existiu falsidade na declaración responsable por non se ter cumpridos os requisitos para exercer a actividade, o Concello do Grove está facultado para impedir que se volva facer a mesma solicitude segundo o réxime sancionador desta ordenanza

En caso de solicitude de renovación ou transmisión dunha licenza xa concedida, seguiranse os mesmos trámites e documentación sinalados nos parágrafos anteriores.

ARTIGO 13. CONTIDO DA LICENZA

- 1.—O Concello expedirá as licenzas en documento normalizado, en que se fará constar:
 - identificación da persoa titular
 - produtos autorizados para a venda, con expresión de que calquera outro produto non autorizado pode dar lugar á retirada da licenza
 - número outorgado á persoa titular no Rexistro municipal de venda de colares e outros ornatos persoais realizados con cunchas mariñas.

Esta licenza orixinal deberá ser exhibida polo comerciante durante o exercicio da actividade, colocada no posto en lugar perfectamente visible.

ARTIGO 14. VALIDEZ DA LICENZA

As licenzas serán persoais e terán unha duración de dous anos, salvo renuncia expresa da persoa titular.

A renovación da licenza producirase cada dous anos, logo do requirimento polo Concello da documentación que o concello considere necesaria para comprobar que se cumpren os requisitos que autorizan a venda.

No suposto de enfermidade da persoa titular ou outra causa suficientemente acreditada que lle impida o exercicio das actividades, a Administración local, logo da petición expresa da interesada ou interesado, e tras a estimación de tal circunstancia, poderá:

- a) Autorizar o exercicio da venda a cónxuxe, irmáns, ascendentes ou descendentes ata o primeiro grao de consanguinidade ou afinidade, durante un máximo de dous anos.
- b) Reservar o posto durante un prazo máximo de dous anos; transcorrido este entenderase que a licenza prescribe e será derogada definitivamente.

ARTIGO 15. REXISTRO MUNICIPAL

1. Créase o Rexistro público municipal de vendedoras e vendedores de colares e outros ornatos persoais realizados con cunchas mariñas, de carácter público, que será xestionado polo Concello. A inscrición neste será inmediata tras a concesión da licenza municipal correspondente para o exercicio da actividade.
3. Realizada a inscrición, expediráselle á persoa inscrita un carné de vendedor ou vendedora de colares de cunchas, cunha vixencia de dous anos.
4. No caso de perda dalgún dos requisitos esixidos para a actividade, a persoa autorizada ten a obriga de comunicarllo inmediatamente ao Concello do Grove e entregar o carné que a faculta para a venda.

ARTIGO 16. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

Constitúen infraccións unicamente as condutas tipificadas como tal neste artigo:

1. O incumprimento das normas establecidas na presente ordenanza, así como as determinadas na normativa reguladora da defensa dos consumidores e usuarios e demais normativa de aplicación dará lugar á incoación do correspondente procedemento sancionador. As faltas clasificaranse en leves, graves e moi graves.
2. Serán faltas leves:

- Realizar comportamentos incívicos.
 - A falta de ornato ou limpeza das zonas nas que se realice a venda.
 - A ocupación de dominio público con módulos ou vehículos.
 - Calquera outra infracción que non está tipificada coma falta grave ou moi grave.
3. Serán faltas graves:
- A reiteración por tres veces en faltas leves no período dun ano.
 - A venda de produtos distintos dos autorizados na licenza.
 - A instalación de postos en lugar non autorizado.
 - Atoparse en posesión da licenza e non amosala.
 - A desobediencia a atender as normas de orde e indicacións da Policía municipal.
 - As discusións ou altercados que alteren a orde pública e o acoso aos viandantes.
 - A colocación da mercadoría, envases ou embalaxes fóra do perímetro do posto de venda.
 - Non ter visibles os prezos dos artigos á venda.
 - Deixar de ingresar as correspondentes taxas municipais pola actividade por máis dun período de pagamento vencido.
4. Serán faltas moi graves:
- A reiteración por tres veces de faltas graves nun ano.
 - Non estar inscrita/o no Rexistro de Comerciantes Ambulantes de Galicia.
 - Non estar inscrita/o no imposto de actividades económicas.
 - Non estar dada/o de alta no réxime correspondente da Seguridade Social.
 - A venda de produtos en estado tal que poidan causar dano para a saúde ou resultar perigosos.
 - Exercicio da actividade por unha persoa diferente da autorizada.
 - A instalación dos postos sen licenza.
 - A venda de produtos non autorizados.
 - Deixar de ingresar as correspondentes taxas municipais pola actividade por máis de dous períodos de pagamento vencidos.
 - A falsidade na declaración das circunstancias que concorran no punto c) dos dereitos do artigo 10.
5. A aquelas infraccións da presente ordenanza que sexan concordantes coas establecidas na Lei 26/1984, do 19 de xullo, xeral para a defensa dos consumidores e usuarios, seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no devandito texto legal, así como nas normas que o desenvolven.

ARTIGO 17. SANCIÓN S

1. As sancións que se aplicarán serán, sen prexuízo do disposto no apartado 5.º do artigo 17, as que seguen:
- por faltas leves, multas de 30 a 100 euros
 - por faltas graves, multas de 101 a 300 euros e suspensión de licenza por 1 mes
 - por faltas moi graves, multas de 301 a 500 euros e suspensión de licenza por 2 meses
 - pola reiteración de dúas faltas moi graves no período dun ano, retirada definitiva da licenza sen dereito a ningún tipo de indemnización.
2. Toda vendedora ou vendedor cunha sanción económica pendente de aboar non poderá exercer a venda en tanto non aboe a contía da sanción.
3. A gradación das infraccións económicas realizarase en función da reiteración na comisión de faltas.

4. Correspóndelle ao alcalde/alcaldesa do Concello do Grove a imposición de multas e demais sancións, agás as moi graves, que serán competencia da Xunta de Goberno Local.

ARTIGO 18. PROCEDEMENTO

Para a determinación das infraccións e a imposición das sancións previstas nesta ordenanza será de aplicación o procedemento administrativo sancionador regulado polo Real decreto 1398/93, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora con carácter xeral; a Lei 30/1992, do 26 de novembro, reguladora do réxime xurídico das administracións públicas de procedemento administrativo común, e demais normas concordantes.

O Grove, a 30 de setembro de 2010.—O alcalde, José A. Cacabelos Rico.

2010011002

* * *

A GUARDA

E D I C T O

O Pleno do Concello de A Guarda, en sesión ordinaria celebrada en data 1 de Outubro de 2010, aprobou inicialmente a modificación mediante actualización na contía do IPC das Ordenanzas Fiscais reguladoras taxa por expedición de documentos administrativos, ordenanza fiscal reguladora da taxa municipal por recollida e inmovilización de vehículos na vía pública, ordenanza fiscal reguladora da taxa por instalación de quioscos na vía pública, ordenanza fiscal reguladora da taxa por entrada de vehículos ou carruaxes a través das beirarrúas e as reservas de vía pública para aparcamento, carga e descarga de mercadorías de calquera clase, ordenanza fiscal reguladora da taxa por recollida de lixo, ordenanza fiscal reguladora da taxa de sumidoiro, ordenanza fiscal reguladora da taxa por otorgamento de licencia de primeira ocupación de vivendas e ordenanza reguladora da taxa por servizos de distribución de auga, incluídos os dereitos de enganche de liñas e colocación e utilización de contadores e instalacións análogas, cando ditos servizos ou subministros sexan prestados por entidades locais.

O que, de conformidade co disposto no artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, exponse ó público no tablon de anuncios da Entidade Local polo prazo de trinta días hábiles contados a partir do seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan presentar reclamacións e suxestións.

No caso de que durante o citado período de exposición pública non se presentaran reclamacións, entenderáse definitivamente adoptado os acordos ata entón iniciais, sen necesidade de novos acordos plenarios.

En a Guarda, a 4 de Outubro de 2010.—O Alcalde, José Manuel Domínguez Freitas.

2010010805

* * *

MARÍN

A N U N C I O

Aprobado por Resolución da Alcaldía do día un de outubro de 2010 o Padrón do Imposto sobre Bens Inmóveis de natureza urbana, correspondente o exercicio do 2010, estará a disposición do público no servizo de Xestión Tributaria deste Concello, durante o prazo de quince días contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, poidendo os interesados/as examinalo e presentar recurso de reposición ante o Sr. Alcalde, no prazo dun mes a contar desde a finalización do período de exposición pública do Padrón.